

## ANEXO I

### CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2016

D<sup>a</sup> ROSA ANA PRADA QUEIPO, secretaria do Concello de Ames (A Coruña),

**C E R T I F I C A :** Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día 17/12/2015 de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

#### A ) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
GRADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FUTBOL DE MILLADOIRO	91.536,56	0	91.536,56
SANEAMENTO EN CASTRIGO (ORTOÑO)	287698,90	0	287698,90
PAVIMENTACIÓN ALDEA DA MAMOA E INTERIORES (TAPIA) E BARREIRO	59771,71	0	59771,71
CAMIÑO CRUXEIRAS E ENTORNO DA IGREXA DE AMES E CALLE LODEIRO	64872,11	0	64872,11
<b>SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>503.879,28</b>	<b>0</b>	<b>503.879,28</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

#### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>0</b>

#### C ) Resumo:

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	503.879,28	0	503.879,28
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	0	0	0
<b>TOTAL</b>	503.879,28		503.879,28

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Orzamento</b>
CAMIÑO DE POUSADA A CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO	52061,36
CAMIÑO DE OCA A IGREXA	126365,52
SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SUSAVILA DE CARBALLO	92889,93
<b>TOTAIS</b>	<b>271316,81</b>

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste e xustifique ante a Excm. Deputación Provincial de A Coruña facendo constar que aínda non foi aprobada a acta correspondente, asino a presente co visto e praxe do señor alcalde, en Ames a dezasete de decembro de dous mil quince.